

O Concello mellora a seguridade en 17 transitados pasos de peóns dentro do Plan integral de seguridade viaria

Páxina 5



Concello de  Oleiros

220 farois renovarán a iluminación pública en diversos puntos do municipio

Páxina 6

Vivir en Oleiros

Número 43
Xaneiro 2014
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

A entrada en funcionamento da Vía Ártabra está contribuíndo a mellorar as comunicacións no municipio e optimizando a seguridade viaria



Comeza unha nova edición do programa municipal de actividades Ocioleiros

Páxina 20

Aprobado o Orzamento xeral para este ano 2014

Páxinas 8 e 9

Máis de 1.000 rapaces participan no Programa complementario de Educación Física

Páxina 18

A vía Ártabra e a mellora da N-VI son por fin unha realidade que axiliza as comunicacións no municipio

■ A vía Ártabra xa une Iñás con Lorbé. A zona sur e a norte do municipio están unidas por esta estrada proxectada polo Concello de Oleiros no ano 1998 e que transforma por completo as comunicacións entre os distintos núcleos do concello. Así mesmo, e tras un importante retraso, o desdoblamento da N-VI ao seu paso pola parroquia de Nós é unha realidade grazas á longa batalla levada a cabo polo Concello e as asociacións de veciños.

Páxinas 12, 13 e 14

Arranca en febreiro unha completa axenda cultural centrada na música e no teatro

Ao longo do próximo mes comezará a programación cultural do concello para o primeiro semestre do ano. Esa interesante oferta de ocio ten como principais protagonistas a música e o teatro. Ademais destes espectáculos que se levarán a cabo nos auditorios de Mera e Perillo, a oferta complétase coas distintas exposicións que albergan a Casa Charry, a entrada da Fábrica e o castelo de Santa Cruz.

Páxina 21

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Novos retos para un novo ano

Comeza un novo ano e un novo reto para conseguir aquelas obras, servizos e equipamentos nos que a súa consecución depende doutras administracións de carácter provincial, autonómico, estatal e europeas. O reto é importante porque son servizos e equipamentos básicos para o desenvolvemento da vida dos cidadáns do noso municipio. De todas é sabido os atrancos e as políticas exclucentes que predicen algunhas administracións para co noso municipio, como foi o caso recente do reparto de fondos da

Deputación provincial. No que se puxeron de acordo os tres grupos políticos que a constitúen, PP, PSOE e BNG para subtraer os cartos dos concellos independentes da provincia repartíndoos entre os seus alcaldes.

Desde o Goberno de Alternativa estase xestionando unha obra importantísima que supera os 3 millóns de euros de investimento para mellorar o bombeo de Santa Cruz e impedir que as augas residuais poidan filtrarse ao río e á praia. A obra finan-

ciaríase con fondos da Unión Europea a través da Xunta de Galicia. Coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do goberno autonómico estamos tramitando a ampliación e creación de beirarrúas nas zonas que carecen destas na estrada que desde Perillo vai a Mera.

Así mesmo, tamén estamos demandando o acceso ao porto de Lorbé desde a Vía Ártabra. Co Ministerio de Fomento pactouse a construción dunha rotonda no linde entre O Carballo

e Iñás na N-VI para eliminar o semáforo do Carballo. Tamén se está a redactar polo Ministerio o novo proxecto para o cruce de Solymar. Coa Dirección Xeral de Costas, e unha vez expropiado o solo necesario polo Concello, estase a demandar a senda peonil de Santa Ana a Canide. O novo colexio de Nós contratarase neste mes de xaneiro, despois dunha longa loita para conseguirlo. Estes e outros equipamentos serán o noso cabalo de batalla ao longo de 2014.



Partido Popular de Oleiros / Voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Un año más

Se nos va el 2013. Como siempre en esta época, es momento de echar la vista atrás, y comprobar si hemos realizado todos los propósitos que nos habíamos marcado para el año. En Oleiros, este 2013 hemos tenido un remix de despropósitos municipales.

Desde una nueva subida de tasas, a una indemnización al alcalde por una licencia concedida para su casa por

su gobierno municipal, el cierre nuevamente de la Casa do Arxentino o las guerras absurdas del alcalde con otras administraciones para tapar sus vergüenzas. Este 2013 ha terminado por dejarnos un Oleiros con un panorama de futuro negro y complicado.

La situación económica del ayuntamiento es realmente preocupante. No se genera lo necesario para mantener

los servicios municipales básicos con una relativa calidad y de forma continuada en el tiempo. Lo vemos todos, menos el equipo de gobierno.

Nuestro alcalde y sus concejales están muy ocupados en mantener sus dedicaciones exclusivas y los suculentos sueldos que éstas les proporcionan. Eso si, cuando se trata de trabajar o de proponer soluciones para el futuro de Oleiros y sus vecinos, que lo

hagan otros, porque ellos están cansados. El proyecto de Alternativa dos Veciños está como el 2013, acabado.

Con animo de mirar hacia delante, el Partido Popular de Oleiros en el 2014 seguirá trabajando día a día en pro de los oleirenses, atendiendo sus peticiones, escuchando sus ideas y sus problemas, y buscando soluciones reales, para que Oleiros sea un ayuntamiento con futuro.



Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

La diplomacia de la cabra pasa factura a Oleiros

Algunos ciudadanos pudieron ver como algo simpático que nuestro alcalde recibiera a la Ministra de Fomento con una cabra para protestar por el mal estado de los márgenes de la N-VI. Una ocurrencia al más puro estilo de la Escopeta Nacional. Pero recientemente vimos con preocupación cómo Oleiros ha sido tratado injustamente al ser excluido de un importante reparto de fondos de la Diputación de A Coruña. Ante esta situación el alcalde no ha reunido a la Junta de Portavoces, ni a los grupos políticos, para a través del diálogo y la negociación buscar soluciones, porque cree que él y la cabra son suficientes para gobernar

Oleiros. Pese a esta actitud, los socialistas de Oleiros vamos a apoyar y a personarnos en cuantas reclamaciones jurídicas o políticas planteé el ayuntamiento con educación y razonamiento. Lo malo de la situación es que ni una sola obra importante está en marcha, ni pública (como se aprecia en los presupuestos del 2014), ni privada. Y además, la Diputación, la Xunta y el Estado no han asumido ni un solo compromiso relevante con nuestro municipio. Y es que la política de la cabra que sigue nuestro alcalde, con buen resultado carnavalesco y mediático no ha logrado

resultados apreciables para los vecinos de Oleiros. La reforma de N-VI en Perillo y O Carballo siguen esperando; la Vía Ártabra no llega a la autovía; la nueva carretera O Seixal-A Barcala ha sido recurrida; la playa de O Naval espera su regeneración medio ambiental; los campos de fútbol de Dorneda y Mera, tan prometidos y esperados, no tienen trazas ni de empezar, y el nuevo Hotel Maxi o el campo de Golf van para largo, porque es fácil montar el circo con la cabra para seguir plegándose a los poderosos. Nuestro alcalde cree que criticando a todos en su radio municipal y en los programas pagados

con dinero público en emisoras privadas ya tiene los votos necesarios para seguir yendo en coche oficial a la piscina. Pero aunque la política de la cabra y la descalificación pueden hacer ganar elecciones, no resuelve los problemas de los vecinos. Los socialistas de Oleiros creemos que es urgente buscar consensos entre todos los grupos municipales, con la comarca y con las restantes administraciones públicas. Buscar soluciones es el trabajo del gobierno municipal, ya basta de buscar culpables y vivir de la política de la cabra. Grupo Municipal Socialista.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

O BNG de Oleiros insta ao Goberno municipal que adopte medidas urxentes para garantir a visibilidade nos pasos de peóns

O BNG de Oleiros leva dous anos reclamando ao goberno municipal que adopte medidas urxentes para garantir a visibilidade nos pasos de peóns. A falta de seguridade viaria é evidente en moitos puntos do Concello, e dun xeito moi especial, na estrada da cos-

ta entre Perillo e Mera. A falta de visibilidade é evidente todo o ano, pero agrávase moito nesta, con menos horas de luz natural, chuvias, etc. Hai auténticos puntos negros, como as baixadas de Galeras cara Santa Cruz, ou diante do IES María Casares,

onde se dan con demasiada frecuencia atropelos e accidentes. E, por suposto, os puntos moitas veces denunciados na Nacional VI, a pesares das recentes obras. O BNG vén reclamando un sistema de iluminación eficaz do paso de

peóns. No momento de redactar este artigo, coñecemos a recente adjudicación, por parte do Concello, da iluminación de 14 pasos, entre eles os da devandita estrada. Aplauidimos esta medida, aínda que veña con retraso.

EDITORIAL

● Pola convivencia

◆ Toda sociedade que se prece ten que estar regulada por unhas normas nas que se plasmen as bases que determinen os dereitos e deberes dos cidadáns e o respecto mutuo que debe presidir a convivencia diaria entre estes.

Aqueles que nun sistema democrático son os responsables de velar polo cumprimento destas normas para o desenvolvemento da vida nos pobos non poden mirar para outro lado cando observan infraccións cometidas por persoas que, unhas veces por descoñecemento e outras a sabendas, contribúen co seu comportamento, á degradación da sociedade e, polo tanto, ao deterioro da calidade de vida poñendo en perigo a seguridade dos seus veciños.

Cando un infractor das normas é requirido para que modifique a súa conduta ou é sancionado pola súa reincidencia, na maior parte dos casos adoitan cabrearse e lanzar todo tipo de impropiedades contra o requirinte ou contra a administración que representa, non aceptando a súa parte de responsabilidade como consecuencia dos seus actos.

Se todos acatáramos as normas de convivencia non habería sancións por exemplo por non respectar o código de circulación, nin por infraccións urbanísticas, nin por facer mal uso do patrimonio público, nin por eludir as normas de goce de mascotas en parques e

zonas públicas, non teríamos vandalismo...

Na defensa da inmensa maioría dos cidadáns, a administración está obrigada a corrixir ese tipo de condutas lamentables e, as veces, o único xeito de facelo e a través da sanción económica.

É necesaria unha maior concienciación e todos debemos contribuír para que así sexa. Unhas minorías nin deben nin poden alterar a convivencia da maioría. Ademais de ter dereitos todos temos deberes e o respecto cara ao conxunto dos veciños do noso contorno é fundamental para unha boa harmonía.

Os infractores non poden sentirse vítimas do sistema nin acosados por el, cando son precisamente eles os agresores e os que burlan as regras de xogo máis básicas de calquera comunidade que se prece.

Nin vale o que reparen ou limpen, nin vale que “para iso pagan impostos”. Os impostos non pagan o incivismo, os impostos non deben ser para reparar, repoñer ou limpar aquelas actitudes irrespectuosas co conxunto dos cidadáns.

Todos somos responsables de velar polo que é de todos. Se así o facemos convivir será moito máis doado e a concordia primaria por riba das xenreiras que a uns e outros nos provocan certas formas de facer.

A calidade de vida que todos desexamos é incompatible co incivismo, cumpramos coas nosas obrigas e gocemos dos nosos dereitos.

Orgullosos de vivir en OLEIROS



A Casa do Arxentino e A Fábrica saen a concesión

◆ O Goberno local de Oleiros sacará de inmediato a concesión o restaurante da Fábrica de Perillo e o complexo hostaleiro coñecido como Casa do Arxentino e situado na localidade de Mera. O Concello xa elaborou as novas bases para poñer en funcionamento estes locais. Nesta ocasión, as ofertas hoteleira e gastronómica e o proxecto empresarial primará por riba da oferta económica. Con esta iniciativa o Goberno local busca premiar a experiencia e darlle continuidade a estes dous negocios cun altísimo potencial.



O Concello destina 15.000 euros a mellorar os pavillóns ◀ Arsenio Iglesias e A Rabadeira

◆ O Concello de Oleiros levará a cabo melloras nos pavillóns municipais de Santa Cruz e Oleiros. Estes traballos teñen por obxectivo mellorar as instalacións. No pavillón da Rabadeira cambiaranse de sitio as canastras de baloncesto para adaptalas ás novas delimitacións da cancha. Pola súa parte, en Santa Cruz cámbiase unha das portas de acceso que está en mal estado. Así mesmo dótase a instalación dun acceso para vehículos de mantemento e permitindo albergar eventos nos que sexa necesario introducir material pesado a través de vehículos.



O centro cultural As Torres de Santa Cruz conta cun novo equipamento de son ▼



◆ O Goberno local levou a cabo unha serie de melloras no centro cultural As Torres de Santa Cruz. Debido ao altísimo uso do edificio e ao paso do tempo, foi necesario realizar estes traballos destinados a facilitar o acceso ás instalacións e a mellorar o acondicionamento acústico e visual da sala de actividades. O investimento total nesta mellora foi de 11.775 euros. Instalouse un novo equipo de proxección e de son, renovouse a estrutura e recuperouse o firme do escenario. Así mesmo, instalouse un cortinón de veludo como pano do escenario. O centro cultural As Torres acolle representacións teatrais ao longo de todo o ano, así como distintas actividades culturais que son promovidas polo Concello de Oleiros e por diversas asociacións pertencentes á parroquia de Liáns.

A Casa do Concello e o edificio de Obras Públicas renovan a súa pintura ▶

◆ O goberno local renovou nos últimos meses a pintura da Casa do Concello e do edificio que alberga o Departamento de Obras Públicas. As fachadas de ambas instalacións encontrábanse deterioradas pola acción dos axentes climatolóxicos. O investimento total nesta obra foi de 70.000 euros.



A parada de taxis de Santa María de Oleiros cambia de situación

◆ A parada de taxis de Santa María de Oleiros mellora a súa situación. Ata o momento, este servizo atopábase situado na rúa Ramón Núñez Montero, e agora pasará a estar na avenida Francisca Herrera, preto do parque Rigoberta Menchu, nas inmediacións da Casa do Concello e dos edificios municipais que albergan a Policía Local e o departamento de Servizos Sociais. Deste xeito, a parada de taxis achégase aos principais destinos dos usuarios e usuarias. Este cambio foi proposto polos propios profesionais.

O Concello continúa coas melloras de seguridade viaria e reforza a iluminación en 17 pasos de peóns

■ Nos próximos meses investiranse 70.000 euros en creación de novos pasos de peóns e sinalización vertical e horizontal



■ A urbanización Mesón da Auga será unha das zonas que verá mellorada a seguridade viaria nos próximos meses a través deste novo proxecto municipal

◆ O Concello de Oleiros continúa co seu plan de mellora de seguridade viaria. Tras investir máis de 150.000 euros ao longo do pasado ano nun sen fin de importantes obras, ao longo dos próximos meses investiranse outros 80.000 euros destinados a tratar obras de seguridade viaria en todos os núcleos de poboación do municipio. Deste xeito, destinarase a reforzar a sinalización viaria e a mellora da accesibilidade 60.437,37 euros, mentres que se destinarán 18.000 euros a mellorar a iluminación de 17 pasos para peóns de gran tránsito peonil e que poidan entrañar riscos para os viandantes.

Os pasos de peóns son un dos puntos máis perigosos das estradas, por unha parte pola vulnerabilidade do peón, e por outra, porque nestes, ademais de atropelos, rexístranse tamén outra serie de accidentes de circulación, como poden ser as colisións por alcanques entre vehículos nas súas proximidades. Por iso o Concello substituirá as lámpadas de vapor de sodio, por outra de tipo led que proporcionan luz branca diferenciando a súa iluminación da do resto da rúa, e mellorando tamén a visibilidade do peón, diminuíndo deste xeito o seu risco.

URBANIZACIÓN MESÓN DA AUGA

ACTUACIÓNS:

- ELEVACIÓN DE 4 PASOS DE PEÓN
- REPINTADO DE 5 PASOS DE PEÓN
- INSTALACIÓN DE 4 SUMIDOIROS
- POSTA EN COTA DE 3 TAPAS DE POZOS
- DEMOLICIÓN E REPOSICIÓN DE BORDOS E BEIRARRÚAS
- FRESADO PINTURA CEDA O PASO
- PINTADO DE MARCA VIAL DE STOP E BANDA DE PARADA
- CAMBIO DE SINAL VERTICAL R-1 POR SINAL DOBLE R-2 + R-302
- PINTADO DE ILLOTE E FRECHAS
- COLOCACIÓN DE 1 SINAL DOBLE P-15a+S-860 E 1 SINAL S-13
- FRESADO DE FRECHA RECTO
- PINTADO DE LIÑAS AMARELAS EN ZIG-ZAG
- PINTADO DE SÍMBOLO BUS
- COLOCACIÓN 1 SINAL S-19

O Goberno local asfalta cinco importantes rúas do municipio ▼

◆ O Concello de Oleiros renovou o pavimento de cinco importantes vías do municipio que tiñan irregularidades na capa de rodaxe. Deste xeito, na avenida Valle Inclán, en Perillo, elimináronse a totalidade das fochas. Mentres, a rúa Camiño do Riveiro foi asfaltado de novo por completo, igual que o Camiño da Mazota. Así mesmo a extensa rúa Manuel Murguía, que cruza a parroquia de Nós, asfaltouse nunha parte importante do seu trazado. Ademais, nas próximas semanas o Concello contratará a mellora dun tramo de 100 metros na rúa Romeu e contratará tamén as obras de asfaltado na rúa Cabaleiros.

Así mesmo, e coa maquinaria adquirida polo Concello, a través do Departamento de Servizos Municipais, asfaltáronse as rúas A Cova, Esquíu, Charry e Edreira, na parroquia de Santa María de Oleiros. Tamén se asfaltou a rúa Pescadoras, na súa totalidade e rúa Mimosas. Así mesmo, nas próximas semanas mellorarase a rúa do Escondite.



O departamento de Servizos Municipais arraxou máis de 25 camiños danados pola chuvia e o frío

◆ O Concello de Oleiros, a través do departamento de Servizos Municipais, está a realizar un importante traballo de mellora e conservación de camiños municipais. Ao longo dos últimos meses, está a arrancar vías danadas pola acción dos axentes meteorolóxicos, especialmente a chuvia e o frío que afectan de forma especial a este tipo de superficies. Antes da entrada no actual período invernal o Concello realizou melloras na rúa das Cebolas, Xabarín, Cardal, Coidelos, Bertoeiros, Denosiña, Castro de Xaz e Abelleira en Dorneda, así como a entrada á praia de Naval. Tamén se arranxou o firme e limpou a cuneta nas rúas O Leirón e Faro en Iñás, na rúa Aba en Dexo; Areosa e Xestiña, en Maianca e Vilarcoba e Mazarico en Liáns. Así mesmo, actuouse na rúa Aira, As Patiñas, Subiña, Cangadas de Abaixo, Fornos e Xabrón, en Serantes. Nos próximos meses coa chagada da primavera, a brigada de Servizos Municipais habilitada especialmente para este labor, continuará realizando traballos noutras vías que se encontran deterioradas.

O Concello cambiará 220 luminarias en varios puntos do municipio ▼

◆ O Concello renovará de forma inminente a iluminación en varios puntos do concello utilizando as 220 luminarias retiradas no ano 2012 como consecuencia de melloras da eficiencia enerxética realizadas no Polígono Comercial de Iñás, no que se substituíron as luminarias de vapor de sodio existentes por novas luminarias tipo LED.

Os 220 farois retirados atópanse en bo estado e o seu valor é duns 66.000 euros, polo que se procederá antes de final de ano á súa colocación para a renovación da iluminación existente en varios puntos do concello, nos que as luminarias actuais están preto do fin da súa vida útil. En cada

farol instalado colocaranse ademais lámpadas da potencia adecuada para cada tipo de vía, o que suporá unha mellora dos parámetros de iluminación, ademais dunha redución do consumo enerxético, pola maior eficiencia das novas lámpadas instaladas fronte ás luminarias retiradas.

O investimento nestes traballos de instalación será duns 20.000 euros e o aforro anual polo axuste de potencias ás máis adecuadas por cada tipo de vía será duns 5.000 euros por ano. Ademais instálanse luminarias valoradas en 66.000 euros.

As vías nas que se colocarán os 220 farois son: ▼

- Avenida Ramón Núñez Montero
- Avenida Francisca Herrera
- Avenida Salvador Allende
- Avenida de Venezuela
- Avenida Emilia Pardo Bazán
- Avenida Morro de Canide
- Avenida República Argentina
- Avenida Isaac Díaz Pardo
- Rúa Casares Quiroga
- Rúa Curros Enríquez
- Rúa Cobo
- Rúa Revolta
- Rúa Miraflores
- Rúa Outeiro
- Rúa Rabadeira



◀ Mellora da iluminación na urbanización Fonte de Ouro

◆ O Goberno local renovará a iluminación da urbanización Fonte de Ouro. O deterioro dos farois da urbanización, así como o tipo de luminaria existente demandan unha urxente actuación do Concello. Tamén neste caso instalaranse novas luminarias tipo led. O gasto correspondente á contratación deste proxecto será de máis de 15.000 euros e o aforro enerxético anual duns 4.000 euros.

Renovaranse varios centros de mando de iluminación ▶

◆ O Concello renovará varios centros de mando municipais de iluminación pública que se atopan próximos ao fin da súa vida útil, e coincidindo con esta mellora dotarase a estas iluminacións de sistemas para redución de consumo en horario de madrugada, mantendo uns niveis de seguridade mínimos con obxecto de aforrar enerxía no horario de menor uso das vías públicas. O investimento neste proxecto será duns 15.000 euros e o aforro anual será de máis de 5.200 euros ano. Os dous centros de mando sobre os que se actuará están en avenida de Venezuela e en rúa Casares Quiroga, entre ambos dan servizo a máis de 300 puntos de luz que iluminan máis de 20 rúas da zona.

Oleiros investirá 85.228 euros en aforro enerxético no eixo Empresarial Perillo-NVI

◆ Oleiros investirá 85.228 euros en implantar medidas de aforro enerxético no eixo Empresarial Perillo-NVI. Na actualidade esta zona é o solo industrial de maior ocupación do Concello e atópase en constante desenvolvemento desde hai máis de trinta anos. Esta iniciativa do Goberno local pretende potenciar o aforro de enerxía eléctrica neste ámbito mediante a reordenación e renovación das instalacións de iluminación pública existentes, acadando ao mesmo tempo unha mellora do servizo grazas ao emprego das máis modernas tecnoloxías no ámbito da iluminación.

Ademais os traballos permitirán acadar unha rebaixa considerable nos custos de mantemento e diminuírse a contaminación lumínica, co que se acadará un contorno moito máis sustentable. Para conseguir estes obxectivos instalaranse sistemas telexestionados para a regulación do consumo nos centros de mando de iluminación, substituírse as luminarias obsoletas actuais por luminarias de alta eficiencia tipo led e reordenarase a disposición de centros de mando actuais. A estimación do aforro anual en consumo eléctrico que acadarán estas medidas é de 20.000 euros anuais.


Reparto irregular e ilegal de fondos

◆ O presidente da Deputación provincial, coa complicidade do PSOE e do BNG, distribuíu a dedo 17.857.736,29 euros ao longo de 2013 entre 85 concellos da provincia da Coruña marxinando os municipios independentes e aqueloutros gobernados por grupos que non teñen representación na cámara provincial.

O sistema ideado para seleccionar os concellos elixidos foi a fórmula dos convenios. Os ditos convenios supuxeron un investimento mínimo de 250.000 euros ata un máximo de 687.000 euros por concello. Estes convenios saltanse os baremos de distribución como son a extensión territorial, a poboación, o número e núcleos, o esforzo fiscal, etcétera, que son de obrigado cumprimento no reparto de fondos provinciais para incluír a totalidade dos municipios da provincia. As cantidades asignadas decídeas o señor Diego Calvo co informe desfavorable dos funcionarios responsables da facenda da Deputación.

Os mesmos funcionarios son os que tamén veñen denunciando, segundo informou o diario El País na súa edición do pasado 15 de decembro, a contratación sen publicidade do reparto anual de contratación de estradas da Deputación outorgando a dedo o 70% dese plan de 5,8 millóns de euros. Esta actitude prepotente e chulesca do presidente da Deputación está a provocar unha perda de ingresos de 600.000 euros en cada un dos concellos que foron excluídos deste reparto. Por tal motivo o Concello de Oleiros, despois de solicitar reunións co presidente en repetidas ocasións sen que estas fosen atendidas recubriu os acordos do pleno da Deputación na que se modificaban os créditos para o outorgamento das dádivas por parte do presidente.

En caso de non aceptar estes recursos, o Concello presentará unha querela por posible prevaricación contra o presidente e un contencioso administrativo.



■ Oleiros, Teo e Narón, tres dos cinco concellos marxinaados pola Deputación provincial, presentarán un contencioso contra este reparto irregular de fondos

COMPRA en



OLEIROS


■ Na situación na que estamos a vivir é importantísimo potenciar o consumo nos comercios do noso municipio. Deste xeito, lograremos manter servizos de proximidade, estaremos evitando o peche de negocios e con iso, evitaremos a destrución do emprego a nivel local.

Aprobado o Orzamento xeral que rexerá a vida municipal ao longo deste ano ▼

◆ O Pleno do Concello de Oleiros aprobou o pasado 20 de decembro coa maioría do grupo de goberno o Orzamento xeral para este ano 2014, este orzamento que ascende a 25.075.385 euros é un 0,10% inferior ao do exercicio anterior. No primeiro capítulo o gasto de persoal non sofre variacións, agás os derivados dos cumprimentos de trienios e cotas sociais, que implican unha repercusión do 0,08%, manténdose a política salarial marcada polo goberno de Madrid.

O gasto corrente no capítulo II, increméntase finalmente nun 2,63%, (o que supón 285.704 euros en termos absolutos), que corresponden principalmente á mellora da cobertura de gastos en partidas que durante o exercicio anterior resultaron ser deficitarias, debido á inmensa cantidade de servizos, dotacións e infraestruturas que ten que manter e conservar o Concello, as revisións de prezos por contratas, compensándose parte dos plans de aforro por subministración de bens, servizos e gastos derivados de traballos realizados por outras empresas.

Os gastos financeiros redúcense en 230.000,00 euros, (40,99%), pola diminución da previsión para xuros de mora e da débeda pública, a pesar de manterse as operacións de tesourería previstas para axustar os pagos a provedores coa corrente de ingresos.



TOTAL GASTOS	EUROS
CAP. 1 GASTOS DE PERSOAL	8.705.840,00
CAP. 2 BENS CORRENTES	11.145.564,00
CAP. 3 GASTOS FINANCIEROS	331.120,00
CAP. 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	844.026,00
CAP. 6 INVEST. REAIS	3.358.835,00
CAP. 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAP. 8 ACTIVOS FINANCIEROS	40.000,00
CAP. 9 PASIVOS FINANCIEROS	650.000,00
TOTAL ORZAMENTO	25.075.385,00

No capítulo IV, de transferencias correntes, o aumento que presenta o orzamento de 2014 con relación a 2013, céntrase na redución do custo da promoción e desenvolvemento do transporte metropolitano (50.000,00 euros) máis un incremento dun 5% destinado á mellora dos servizos sociais, a acción social e subvencións a entidades culturais e actividades extraescolares.

O capítulo VI recolle os investimentos, e no mesmo dótanse os créditos estimados como necesarios para o mantemento do extenso patrimonio municipal e garantir o normal funcionamento dos servizos. Mantense o gasto neste capítulo, compensándose a falta de ingresos por transferencias de capital doutras administracións, principalmente da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia.


No capítulo de pasivos financeiros (Capítulo IX) a rebaixa no gasto prodúcese pola diminución da débeda a amortizar chegando o ratio de débeda viva a situarse no 16,64%, atopándose o límite desta actualmente no 75%. Deste xeito, se por calquera motivo fose necesario a capacidade de endebedamento é altísima.

Os ingresos por impostos directos sobre o capital (IBI, IVTM, IVTNU) incrementáanse en relación ao exercicio 2013 un 1,54%, pola revisión do tipo no IBI establecida polo Goberno de Madrid. Mantéñense as previsións realizadas no exercicio anterior de ingresos derivados de licenzas urbanísticas ao percibirse unha lixeira recuperación da actividade urbanística.

As taxas e prezos públicos incrementáanse en aplicación do incremento xeral aplicado, que foi do 1,8%. A participación nos tributos do Estado incrementábase pola porcentaxe que corresponde ao aumento de poboación, de feito os recursos destinados á Administración Local, no proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2014 incrementábase un 3,64%.

Os principais ingresos correntes seguen a ser os impostos directos (imposto sobre bens inmobles, impostos sobre vehículos de tracción mecánica, e en menor medida o IVTNU) que supoñen o 41,76% do total dos ingresos, séguelle a participación nos tributos do Estado co 35,07% e as taxas e prezos públicos co 18,36%.

Con estes orzamentos estímase unha recuperación dos ingresos correntes en 423.810,00 euros, que unido á racionalización dos gastos no esforzo pola súa contención, incrementábase o aforro bruto en 360.295,00 euros, e posibilita un aforro neto de 1.619.395,00 euros que financian o capítulo de investimentos.



- CAP. 1 IMPOSTOS DIRECTOS
- CAP. 2 IMPOSTOS INDIRECTOS
- CAP. 3 TAXAS E OUTROS INGRESOS
- CAP. 4 TRANSFERENCIAS CTES.
- CAP. 5 INGRESOS PATRIMON.
- CAP. 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

TOTAL INGRESOS	EUROS
CAP. 1 IMPOSTOS DIRECTOS.....	9.868.000,00
CAP. 2 IMPOSTOS INDIRECTOS.....	550.000,00
CAP. 3 TAXAS E OUTROS INGRESOS.....	4.359.740,00
CAP. 4 TRANSFERENCIAS CTES.....	8.288.505,00
CAP. 5 INGRESOS PATRIMON.....	229.700,00
CAP. 6 VENDA DE BENS.....	600,00
CAP. 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.....	1.738.840,00
CAP. 8 ACTIVOS FINANCEIROS.....	40.000,00
CAP. 9 PASIVOS FINANCEIROS.....	0,00
TOTAL ORZAMENTO.....	25.075.385,00

Novos investimentos

Nos novos investimentos prevese un gasto de 3.358.000 euros, entre estes proxectos destaca a partida de 260.000 euros destinada á conservación e ao acondicionamento de edificios públicos, á renovación de tecnoloxías da información á que se adxudican 120.000 euros, a creación de 18 despachos profesionais en dúas naves do Viveiro municipal de empresas destinados a novos emprendedores e ao fomento do emprego que contará cunha partida de 512.000 euros. Ademais, para melloras de iluminación pública e aforro enerxético destínanse 200.000 euros e para optimizar e manter a rede de saneamento 125.000 euros. Do mesmo xeito, para a recuperación de calzadas e novos asfaltados de vías municipais destinaranse 500.000 euros. Tamén destacan os 913.000 euros destinados a proxectos de urbanización como As Viñas ou O Hábitat, en Perillo.



Taxas e impostos incluídos no recibo da auga

Seis conceptos distintos configuran o importe a pagar no recibo da auga

◆ Durante o ano 2013 o recibo da auga que se paga cada trimestre encareceuse para a maior parte dos fogares do noso concello. Por este motivo é importante coñecer os distintos obxectos tributarios que se recadan na factura e ver o seu comportamento neste último período.

No seguinte cadro móstrase de forma detallada por concepto e entidade

recadadora todos os elementos que conforman o recibo. Ademais faise unha comparación entre o que pagaría unha vivenda que consumiu a mesma cantidade de auga en idéntico trimestre do ano 2012 e 2013. Desta forma pódese comprobar o incremento real de cada taxa. O consumo sobre o que se calculan as tarefas é de 34 m³ trimestrais, que representa o gasto medio dunha familia de 4 membros.

COMPARACIÓN ENTRE DOUS RECIBOS DO 2º TRIMESTRE DOS ANOS 2012 E 2013				
partindo dun mesmo consumo de 34 m ³	CONCEPTO	recibo 2012	recibo 2013	INCREMENTO
CONCELLO DE OLEIROS	auga potable	15,63 €	16,45 €	0,82 €
	rede de sumidoiros	5,94 €	5,94 €	0,00 €
EDAR DE BENS	taxa de depuración	0,00 €	7,73 €	7,73 €
FACENDA DO ESTADO	imposto sobre o valor engadido (IVE)	1,25 €	1,65 €	0,40 €
XUNTA DE GALICIA	canon da auga	7,73 €	9,90 €	2,17 €
CONSORCIO AS MARIÑAS	recollida de lixo	30,72 €	31,46 €	0,74 €
TOTAL RECIBO		61,27 €	73,13 €	11,86 €

O Concello presta o servizo de auga potable a través da empresa xestora Sergesco e o de sumidoiros co persoal municipal. Desde o ano 2009 o prezo da auga incrementouse en 4 céntimos por m³. Se temos en conta o IPC acumulado nestes catro anos observamos que en termos absolutos as tarifas mantivéronse estables, actualizándose respecto ao índice. No exemplo anterior cífrase esa diferenza en oitenta e dous céntimos ao trimestre.

En canto á taxa por sumidoiros, non sofre alteración, manténdose os prezos de 2012. A taxa de depuración nace para o financiamento da sociedade recentemente constituída EDAR de Bens que xestiona a nova planta de tratamento e depuración das augas residuais á que verten todos os concellos da ría da Pasaxe e Arteixo. Ata o de agora o Concello non repercutía directamente aos veciños o custo do mantemento das dúas depuradoras coas que conta Oleiros. Estas instalacións parece que finalmente serán cedidas á citada sociedade ademais das estacións de bombeo da rede principal. A aplicación deste novo concepto tributario supón unha suba no recibo que analizamos de 7,73€ (0,28€ por m³ de auga consumida). Este prezo revisarase unha vez que se coñezan con exactitude os gastos de funcionamento da nova planta.

A Xunta de Galicia variou recentemente a estrutura do imposto que viña aplicando ata o de agora. O canon da auga substitúe ao de saneamento,

o que supón un incremento na recadación no noso concello que supera ao 25%. Sinalar o seu carácter progresivo, con tarifas por tramos que gravan o consumo. Neste caso equivale a unha suba do recibo de 2,17€.


A taxa de recollida e tratamento de residuos ten o mesmo importe para todas as vivendas dos Concellos pertencentes ao Consorcio As Mariñas, e incrementase neste exercicio en 0,74€ ao trimestre. Resumindo, a aplicación da nova taxa de depuración para costear o funcionamento da tan demandada depuradora de Bens, e os incrementos das taxas que se viñan aplicando, especialmente o canon da auga da Xunta, son os principais responsables da suba do recibo con respecto ao ano anterior. É moi importante controlar o uso que se fai da auga pois o exceso de consumo incrementa de forma progresiva o que se paga polo vertido da mesma e polo canon da auga da Xunta de Galicia.

Oleiros conta coas tarifas máis baratas da comarca

En contra daqueles que continuamente manifestan que as taxas por servizos e os impostos en Oleiros son os máis altos do contorno, pódese comprobar nas dúas comparativas que se ilustran a continuación que, en contra desa afirmación, resultan ser as máis económicas de todas.

En canto aos usos domésticos, os relativos ás vivendas, Oleiros conta coas tarifas máis baixas nos tramos máis populares de consumo:

COMPARATIVA DO PREZO DA AUGA PARA USOS DOMÉSTICOS - VIVENDAS							
COSUMO m ³ trimestre	OLEIROS	A CORUÑA	CAMBRE	CULLEREDO	ARTEIXO	BERGONDO	SADA
0	12,01 €	17,28 €	12,00 €	10,00 €	10,07 €	19,50 €	23,43 €
5	12,01 €	18,13 €	12,00 €	11,25 €	11,01 €	19,95 €	23,43 €
18	12,01 €	20,33 €	12,00 €	14,50 €	13,47 €	21,12 €	23,43 €
27	12,01 €	23,47 €	12,00 €	16,75 €	15,80 €	21,93 €	23,43 €
30	13,34 €	24,51 €	12,00 €	17,50 €	17,31 €	22,20 €	23,43 €
40	17,79 €	28,00 €	17,70 €	24,10 €	22,34 €	29,00 €	29,16 €
54	24,01 €	33,17 €	25,68 €	33,34 €	32,22 €	38,52 €	37,19 €
70	37,17 €	39,26 €	34,80 €	51,40 €	45,30 €	51,60 €	46,36 €
80	45,39 €	43,06 €	40,50 €	63,00 €	53,48 €	60,60 €	52,09 €
90	53,61 €	46,87 €	46,20 €	74,60 €	61,66 €	69,60 €	57,82 €
108	68,41 €	53,71 €	65,82 €	95,48 €	82,04 €	85,80 €	68,13 €



A onde vai o diñeiro que se recada a través do recibo da auga?

CONCELLO DE OLEIROS: 30,62%

EDAR DE BENS: 10,57%

FACENDA DO ESTADO: 2,26%

XUNTA DE GALICIA: 13,54%

CONSORCIO AS MARIÑAS: 43,02%

O prezo que Emalcsa vende a auga ao Concello:

- prezo 2012 → 0,282 €/m³
- prezo 2013 → 0,287 €/m³

A vía Ártabra e o desdobramento da N-VI ao seu paso por Nós son xa unha realidade ▼



Por outra parte, finalizou por fin despois dunha longa batalla levada a cabo polo Concello e as asociacións de veciños das parroquias afectadas ao segundo tramo das obras de ampliación e mellora da N-VI ao seu paso pola parroquia de Nós. Estes traballos terán pouca validez se o Ministerio de Fomento non trata de forma urxente o terceiro tramo, comprendido entre Mesón da Auga e a conexión coa Vía Ártabra. Especialmente na zona do Carballo cuxos semáforos e a falta de ancho na calzada orixinan unha extensísima cola de vehículos en hora punta, xa que esta estrada, un dos principais accesos á cidade da Coruña, rexistra neste tramo un fluxo diario de 35.000 vehículos.

◆ A vía Ártabra ao seu paso por Oleiros xa é unha realidade. A entrada en funcionamento desta estrada está contribuíndo a mellorar as comunicacións nas parroquias do norte do municipio, optimizando a seguridade viaria e reducindo o tempo nos desprazamentos entre os distintos núcleos de poboación. Esta vía, que conecta un total de seis parroquias: Liñas, Oleiros, Dorneda, Serantes, Maianca e Dexo, aliviara considerablemente os atascos que habitualmente afectan as localidades de Perillo, Santa Cruz, así como nas vilas situadas na costa. Do mesmo xeito, a circunvalación de Oleiros mellora o tráfico por esta localidade e facilita as conexións coas parroquias de Nós e Liñas.


desenvolvemento e progreso das localidades do norte e centro do municipio. Neste momento, aínda falta por rematar o tramo de accesos ao porto de Lorbé, o cal, segundo informou a Consellería de Medio Ambiente, Territorios e Infraestrutura, levarase a cabo ao longo deste exercicio. A Xunta de Galicia está a redactar o proxecto do ramal que irá desde a N-VI ata conectar coa autoestrada do Atlántico no lugar de Pravio. Unha parte dos tramos que compoñen esta obra xa están adaptados na zona de Oleiros.

Esta vía contribuirá ao futuro desenvolvemento e progreso das localidades do norte e do centro do municipio

Esta vía, que naceu a iniciativa do Goberno municipal no ano 1998, contribuirá ao futuro



O Concello está levando a cabo conversacións coa Dirección Xeral de Estradas para lograr eliminar o semáforo do Carballo



Mentres o Ministerio non trata esta fundamental obra, o Concello esta levando a cabo conversacións coa Dirección Xeral de Estradas para lograr eliminar o semáforo do Carballo. Isto axilizaría o tráfico na zona, o que se lograría grazas á creación dunha rotonda no lugar da Xesta, no comezo do polígono industrial do Concello. Deste xeito, elimínanse os xiros á esquerda desde a avenida Miguel Hernández e utilízanse as dúas rotondas da localidade, a do Pinar e a nova construída na Xesta para realizar os distintos cambios de sentido e canalizar o tráfico local.




Con esta obra elimínanse os xiros á esquerda desde a avenida Miguel Hernández e utilízanse as dúas rotondas da localidade, a do Pinar e a de nova construción na Xesta para realizar os distintos cambios de sentido e canalizar o tráfico local


O Concello dialogou cos veciños para conseguir os terreos necesarios para mellorar a seguridade viaria entre Santa Cruz e Mera ▼

◆ O Concello está a falar cos propietarios de terreos que lindan coa estrada que une as localidades de Perillo e Mera, concretamente con aqueles comprendidos entre Santa Cruz e Santa Ana en Mera. O motivo das diversas reunións que se están a manter cos veciños e veciñas é solicitarlles a cesión de solo necesario para poder realizar as obras de mellora e ampliación da calzada nalgúns dos tramos, e o que aínda é máis importante, dotar esta estrada das beirarrúas e beiravías que melloren a seguridade viaria para os peóns que transitan entre as distintas localidades, especialmente nas parroquias de Dorneda e Maianca. Así mesmo, está obra tamén inclúe a creación dunha rotonda no centro de Santa Cruz e varias semirotondas no Río do Seixo, Arillo e Pazos, en Bastiagueiro.

Esta obra afecta a máis de 360 propietarios e propietarias dos cales máis de 200 xa teñen feita a cesión dos terreos ao Concello, mentres que no resto de veciños e veciñas existe unha moi boa disposición no conxunto das distintas localidades. O Goberno local, que demandou a mellora desta estrada á Xunta de Galicia, adquiriu o compromiso co Goberno autonómico de conseguir os terreos necesarios para poder levar a cabo esta mellora. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá máis de 2,5 millóns de euros neste importante proxecto.



En marcha unha nova conexión entre a N-VI e a autoestrada



◆ Está a exposición pública o proxecto para un novo acceso desde o río da Veiga, no Seixal, ata a autoestrada do Atlántico, na Barcala. Esta obra forma parte do Plan viario comarcal e servirá para conectar directamente desde a N-VI coa citada autoestrada evitando deste xeito o nó de comunicacións do Seixal e as retencións de tráfico que se orixinan na Costa da Tapia, en Cambre. Os traballos terán un prazo de execución de 20 meses.

Así mesmo, e debido a que é preciso actuar sobre o ramal da autoestrada para a execución dun enlace coa nova vía proxectada, é posible que a obra inclúa a ampliación de capacidade de ramal existente desde O Temple ata a AP-9, que posiblemente será desdoblado en ambos sentidos de circulación.


Unha exposición sobre Cabo Verde visita o castelo de Santa Cruz e A Fábrica de Perillo



◆ O Concello de Oleiros, en colaboración co Fondo Galego de Cooperación, organiza unha exposición de fotografía con Cabo Verde e a súa xente como temática principal. Incluída nas xornadas *Irmandade Galicia Cabo Verde*, o castelo de Santa Cruz acolle desde o pasado 10 de decembro esta mostra do fotógrafo Rober Amado, gañador do concurso Imaxes con Fondo 2012. A exposición visitará proximamente o complexo cultural A Fábrica en Perillo. A mostra consta de 20 fotografías e varios paneis explicativos da cooperación do Fondo Galego en Cabo Verde, deseñados por Pepe Carreiro.



O autor emprendeu unha viaxe dun mes por 6 das 10 illas que compoñen o arquipélago caboverdiano, visitando os principais proxectos apoiados polo Fondo Galego durante os 11 anos de cooperación con Cabo Verde. As súas instantáneas mesturan viaxes da vida diaria das persoas que se viron beneficiadas polos proxectos apoiados polo Fondo Galego, que no seu conxunto nos achegan á realidade do país. Rober Amado naceu en Ferrol en 1985. É licenciado en Psicoloxía e fixo un Máster en Cooperación Internacional e outro en Reporteirismo. É fotógrafo e redactor multidisciplinar e colaborou con diversos medios de comunicación nacionais.



O Concello financia tres proxectos de ONGD en Mozambique, El Salvador e Cuba

◆ Oleiros, a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade financiará tres proxectos de ONGD galegas en Mozambique, El Salvador e Cuba. As propostas presentadas por Ecos do Sur, Agareso e Asemblea de Cooperación pola Paz teñen por obxectivo desenvolver áreas como a educación ou a prevención de riscos en países empobrecidos. Deste xeito, destínanse 18.000 euros ao proxecto de Ecos do Sur en Mozambique para mellorar os servizos educativos e sanitarios nunha escola de Maputo, a través de diversas accións orientadas á mellora do sistema de auga e saneamento do centro.

O proxecto presentado pola Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) coa ONGD salvadoreña Cordes conta con 29.345 euros destinados a reducir a vulnerabilidade perante o risco de inundacións. Actuarase na mitigación, sensibilización e educación ambiental, amplificando os resultados da formación e a capacidade de reacción nas urxencias a través da radio comunitaria.

Pola súa banda, a Asemblea de Cooperación pola Paz, recibe 29.465 euros para fomentar as capacidades de prevención fronte aos desastres na Habana Vieja e contribuír á recuperación dun ben de interese cultural mediante a creación dun centro de interpretación meteorolóxico.

Oleiros realiza un envío de material a Camerún

O Concello de Oleiros, coa colaboración do Cosal, e a través da ONG Equus Cebrá, realiza un envío de material á localidade de Yaundé, en Camerún. Está previsto que a finais deste mes se envíe un contedor de 40 pés cuxo peso estimativo é de 14.000 quilogramos cargado de roupa, calzado para adultos e infantil, material informático, material médico, pupitres e cadeiras e material escolar.

Se ti tamén te sentes comprometido lembra que hai un número de conta agardando a túa colaboración

CONTA SOLIDARIA PERMANENTE: 2080-0064-98-30400011138

- A axuda de todos conta
- E a túa máis que a de ninguén

«Somos o que recordamos, quen non recorda, non vive» ▼

■ *Oleiros conta cos talleres de memoria, actividades que se desenvolven en todas as parroquias e que teñen como obxectivo a estimulación cognitiva das persoas maiores*



◆ As vivencias, os lugares, as caras... As lembranzas do que vivimos, de forma individual e colectiva, son, posiblemente, o noso maior patrimonio. A nosa memoria está chea de anacos das nosas vidas que nos fan recordar quen somos e de onde vimos, axudando a formarnos como persoas e a saber o que queremos.

Desde o ano 2000 o Concello de Oleiros puxo en marcha os talleres de memoria, actividades que se desenvolven en todas as parroquias e que teñen como obxectivo a estimulación cognitiva das persoas maiores de 60 anos veciñas de Oleiros. Ademais dos evidentes beneficios que acadan as persoas participantes no seu estado de saúde cognitivo, estes obradoiros serven de punto de encontro para os nosos maiores, estimulan a súa participación e incrementan as súas relacións sociais co contorno.

En sesións semanais de 90 minutos cada un destes grupos desenvolve, baixo a tutela dunha educadora, distintas técnicas de adestramento cognitivo e dinámicas de grupos activas. Nos últimos anos estase a traballar, dentro das actividades dos talleres, a recuperación de fotos, historias e anécdotas que nos permiten reconstruír a vida en Oleiros no pasado a través dos lugares, dos personaxes históricos, dos edificios, dos traballos...


Froito dese impresionante traballo, realizado polos nosos maiores, dispoñemos nestes momentos dun enorme patrimonio cultural que temos pensado divulgar a través de distintas actividades nos próximos anos. En primeiro lugar, a distribución dunha publicación na que se debuxen unhas

pequenas pinceladas da nosa historia e que sirva de carta de presentación de todo o traballo que se fixo e que se está a facer nos talleres de memoria.

Esta publicación, que se poderá descargar tamén da web municipal en formato dixital para facilitar a súa difusión, e na que se recollerá unha selección dos temas máis importantes traballados con cada grupo. Ademais, os contidos desta publicación terán continuidade neste propio periódico, no *Vivir en Oleiros*, cunha sección propia na que as persoas maiores dos talleres de memoria serán as encargadas de transportarnos ao pasado e compartir o seu ben máis prezado, os seus recordos.

Un audiovisual en formato documental, un libro con máis contidos, exposicións, actividades de divulgación interxeracional... son outros dos ambiciosos obxectivos que temos para as mulleres e homes que participan nestes obradoiros.

O recentemente gañador do Premio Nacional de Cómic, Miguelanxo Prado, na contraportada da súa obra *Ardalén*, un relato fascinante sobre as lembranzas e a memoria, di o seguinte "somos o que recordamos, quen non recorda, non vive". A importancia vital da memoria, como esencia da nosa existencia, é o pensamento que nos serve de referencia ao traballo desenvolto nestes talleres, punto de partida das múltiples conversas e preguntas que queremos desatar en todas as casas de Oleiros, entre maiores e entre xeracións, conversas que nos leven non só a como era antes a vida, senón a algo máis importante, como a vivimos.



Oleiros pola igualdade e contra a violencia



◆ A educación en igualdade e o rexeitamento a calquera forma de violencia son os dous piares básicos sobre os que se elaborou o I Plan para a igualdade de trato e non discriminación entre mulleres e homes do Concello de Oleiros, un documento no que se concretaron os obxectivos e as apostas que desde hai anos veñen desenvolvéndose no noso concello.

Desde a súa aprobación, hai agora dous anos, estanse a pór en marcha distintas actuacións en diversos ámbitos que supuxeron un paso adiante no asentamento destas políticas sociais.

ACTUACIÓN INSTITUCIONAL

■ Mesa de coordinación policial contra a violencia de xénero

Dentro da mesa que xa existe para a coordinación entre as forzas de seguridade que operan no concello, Policía Local e Garda Civil, creouse unha mesa propia contra a violencia de xénero á que se incorporou persoal do Departamento de Servizos Sociais. Desde esta mesa estase a facer un seguimento próximo das denuncias por este tema, das ordes de afastamento e das problemáticas que teñen as mulleres vítimas de violencia e as súas familias, traballando dunha forma conxunta e coordinada para mellorar a atención.

■ Comisión interinstitucional contra a violencia de xénero

Partindo dunha análise da realidade e da visión de distintas administracións e entidades que están a traballar no ámbito da violencia de xénero, elaborouse un diagnóstico sobre o estado da situación deste problema, a partir do cal se intentan resolver os problemas e dificultades que existen e ofrecer unha actuación integral, coordinada e máis eficaz desde todas as administracións. Nesta comisión están representadas a Policía Local e a Garda Civil, os Servizos Sociais do Concello de Oleiros, unha representante dos centros de saúde, o Xulgado de Violencia da Coruña e a Subdelegación do Goberno.

INTERVENCIÓN DIRECTA CON MULLERES

■ Obradoiro do corpo

Este obradoiro está dirixido a mulleres con distintas problemáticas sociais. Realízase nas instalacións do INEF, semanalmente, desde o mes de outubro de 2013 a maio deste ano. Os obxectivos principais son aumentar a autoestima individual e colectiva, adquirir hábitos de vida saudables e coñecer o propio corpo, todo iso desenvolvendo unha actividade física con perspectiva de xénero.

■ Obradoiro RE

Actividade de psicodrama dirixida a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas. O obxectivo é o seu fortalecemento e a adquisición de novas habilidades e recursos para xerar unha maior confianza en si mesmas e unha maior capacidade de relación co seu contorno. Paralelamente, con educadoras especializadas, lévanse a cabo actividades de ocio e lecer cos seus fillos e fillas para facilitar a participación no obradoiro das súas nais, e traballar cos máis pequenos e pequenas valores como a igualdade e a non discriminación por razóns de xénero.



EDUCACIÓN POLA IGUALDADE

■ Xogando a ser iguais

Elaboración dun audiovisual sobre a educación en igualdade cos nenos e nenas dos últimos cursos das escolas infantís públicas do Concello de Oleiros. A través de contos, xogos e actividades de animación observamos ata que punto os roles de xénero son adquiridos no proceso de socialización, de aí a importancia dunha educación en igualdade na escola e na casa.

■ Escola coeducativa

Cos dous últimos cursos de primaria e cos dous primeiros de educación secundaria estase a levar a cabo desde a Concellería de Ensino e Xuventude un amplo abano de actividades de educación en igualdade en todos os colexios e institutos públicos de Oleiros durante todo o curso escolar. A través de contidos suxestivos para o alumnado desas idades: música, audiovisuais, concursos... preténdese unha participación activa que lles permita reflexionar sobre a construción de relacións sans, sen violencia, entre iguais.

SENSIBILIZACIÓN

■ Pacto local contra a violencia de xénero

Oleiros decidiu sumarse a este gran pacto impulsado desde o Consorcio As Mariñas como ferramenta de sensibilización para unir esforzos e unidade no rexeitamento da violencia de xénero. Centros de ensino, centros de saúde, tecido asociativo e empresarial... toda a sociedade é invitada a participar de forma activa nunha actitude de tolerancia cero cara á violencia de xénero.

■ Andaina contra a violencia de xénero

O Concello de Oleiros participou de forma activa nesta gran marea contra a violencia poñendo autobuses gratuítos para facilitar os traslados ata Arteixo, onde se realizou este acto organizado polo Consorcio As Mariñas. O ano pasado, fíxose a primeira destas andainas polo paseo de Santa Cristina cun grande éxito de participación.

Máis de 1.000 escolares participan neste curso no Programa complementario de Educación Física ▼



◆ Máis de 1.000 alumnos e alumnas de todos os centros públicos do municipio participarán nas máis de 50 sesións do Programa complementario de Educación Física que o Concello de Oleiros organiza no horario lectivo dos centros oleirenses. Para este curso as unidades didácticas que se programan son escalada deportiva no pavillón municipal de Bastiagueiro, surf e body-board no náutico de Bastiagueiro e remo e kaiak de mar na Fábrica.

Este programa está dirixido ao alumnado dos centros de ensino público do concello, e o seu obxectivo é complementar a propia materia de



Educación Física, incluíndo unidades didácticas de actividades, que polas súas características materiais e de infraestrutura, os propios departamentos de Educación Física non poderían realizar por si mesmos.

Deste xeito, entendemos que desde o propio concello, ademais de favorecer unha formación físico-deportiva máis completa, enriquecedora e diversificada, estamos a fomentar o coñecemento de actividades e instalacións municipais que o Concello de Oleiros ten a disposición da comunidade escolar e veciños en xeral. O Concello destina para este curso máis de 15.000 euros na organización deste programa complementario.

Os xogos populares, divertimento e tradición ▼



◆ O programa municipal de dinamización dos xogos populares está a ser un éxito entre a comunidade escolar. O grande interese do Concello de Oleiros en que non esmorezan os xogos populares e tradicionais levouno a programar estas unidades didácticas onde os nosos mozos e mozas coñecen os xogos que de sempre practicaron os nosos avós. Nesta actividade xogan á ra, á chave, aos bolos, aos zancos, á billarda, ao peón ou buxaina entre outros. No Programa de dinamización de xogos populares investíranse máis de 5.000 euros anuais e participan máis de 1.200 rapaces do concello.

A Liga Escolar de Judo comeza a finais de mes ▼

◆ O próximo 25 deste mes celebrarase a primeira xornada da Liga Escolar de Judo que o Concello de Oleiros organiza todos os anos coa colaboración do Judo Club Oleiros. Esta actividade, que rematará o próximo mes de marzo, permite que todos os nenos que practican judo nas nosas casas do pobo ou colexios, xunto con outros judokas da comarca, poidan gozar dunhas xornadas de encontro e convivencia ao tempo que se inician na competición deste deporte. En total está previsto que participen máis de 400 nenos e nenas de categorías sub 11, sub 13, sub 15 e sub 17.



O Concello concede tres bolsas para deportistas oleirenses de elite



■ O obxectivo é axudalos a participar en probas internacionais

◆ O Concello de Oleiros convocou o pasado mes de novembro unha liña de axudas para deportistas oleirenses seleccionados pola súa federación deportiva, ben española ou galega, para participar en competicións internacionais. O obxectivo destas axudas, que serán adxudicadas de forma inminente, é contribuír a que os deportistas de elite poidan demostrar o seu nivel en eventos internacionais, e, deste xeito, mellorar o seu palmarés deportivo, se cadra, cun empuxón definitivo.

Esta liña de axudas non é nova, xa que na pasada convocatoria, correspondente ao exercicio 2012, recibiron a bolsa outros tres oleirenses, Andrés Pita González, de pesca submarina; Pablo Vasallo Rodríguez, de patinaxe artística e José Manuel Sánchez Sánchez, de piragüismo.



O Goberno local subvenciona as entidades locais con 217.953,92 euros ▼

◆ O Goberno local aprobou a concesión de subvencións solicitadas por distintas entidades, asociacións e clubs ao amparo das normas de concorrencia competitiva aprobadas o pasado 2 de setembro. En total presentáronse 61 solicitudes e o Concello repartiu un total de 217.953,92 euros entre estas, premiando aquelas peticións relacionadas co fomento das actividades prioritariamente de nenos e mozos. Ás 23 solicitudes de actividades culturais outorgáronse un total de 42.129 euros, ás asociacións de veciños 19.607,47 euros e 22.521,75 euros a outras entidades.

Para actividades deportivas presentáronse 20 solicitudes entre as que se repartiron 63.425,91 euros. Neste reparto os equipos de fútbol do municipio percibiron 43.030 euros e outros clubs deportivos 21.235,13 euros. En educación o Concello repartiu 110.815,79 euros, correspondéndolle ás ANPA 54.907,79 euros para actividades extraescolares a aos centros de ensino 55.971 euros. Nesta partida están incluídos os 60 euros por alumno destinados á viaxe de fin de curso da ESO. Por último, ás alboradas das comisións de festas correspondéronlle 1.683 euros.

Oleiros pon en marcha o Programa de reforzo e apoio escolar municipal

■ *A finalidade desta iniciativa é favorecer a igualdade de oportunidades do alumnado*

◆ O Concello de Oleiros puxo en marcha para este curso un novo programa educativo denominado Praemo (Programa de reforzo e apoio escolar municipal). Este servizo, que pretende reforzar a educación escolar dos nosos rapaces e rapazas, está integrado no Plan municipal de absentismo escolar, cun obxectivo fundamental de previr o fracaso escolar entre o noso alumnado.

Pero o programa non só nace para reforzar as aprendizaxes desenvolvidas nas aulas, senón tamén para a promoción de hábitos e actitudes cara ao estudo, incidindo así na prevención do fracaso escolar, como na prevención e redución do absentismo escolar.

O programa esta dirixido ao alumnado tanto de educación primaria como de secundaria e se está levar a cabo de momento na casa do pobo de Nós os luns e xoves de 17:30 á 19:30 h, no local social de Rialta, os martes de 16.45 á 18.45 horas para educación primaria e os mércores á mesma hora para secundaria, e na casa da cultura de Perillo, os mércores e venres de 17.00 á 19.00 horas.

A finalidade desta iniciativa é favorecer a igualdade de oportunidades do alumnado pertencente a familias de baixo nivel socioeconómico, traballando cos participantes as habilidades sociais, os valores, así como fortalecer a súa personalidade.



Oleiros conta cun novo grafiti no miradoiro de Bastiagueiro

◆ O miradoiro da praia de Bastiagueiro conta cun novo grafiti, realizado por Sandra Caínzo. Coñecida como Sanki. A artista plasmou a súa obra no miradoiro da praia de Bastiagueiro, continuando así o grafiti realizado noutras ocasións por distintos rapaces e rapazas que participaron nos cursos organizados polo Concello. O Goberno local invita a todos os artistas, a todos os grafiteros interesados en encher de colorido as nosas rúas a presentar as súas propostas no Centro de Información Xuvenil, na Fábrica ou a través do enderezo c.xuventude@oleiros.org



Se tes cans, recorda que recoller os excrementos é unha obriga

Por un Oleiros limpo!

Arranca unha nova edición de Ocioleiros ▶

◆ O próximo 27 deste mes comeza unha nova edición do programa de actividades de lecer e tempo libre coñecido popularmente como Ocioleiros. Esta iniciativa ten como obxectivo principal entreter os veciños e veciñas, para quen se elaboraron actividades divididas en tres grupos de idade. Para os máis novos, para os rapaces e rapazas de 13 a 17 anos, organizáronse actividades como surf, repostería creativa, skate, teatro, fotografía, parkour e cociña. Para a mocidade de 18 a 35 anos ofrécense actividades como cociña, pintura, ganchillo, cata de viños galegos, fotografía, coctelería, xardinería, horta ecolóxica, patinaxe, bolos, iniciación ao surf e bodi-board, travesías en kaiak, bádminton, bailes de salón, bailes latinos e repostería creativa. E o grupo de Xoveoleiros para os veciños entre 36 e 65 anos poderán gozar de actividades como técnicas de relaxación, informática, cociña, pintura, ganchillo, cata de viños galegos, fotografía, coctelería, xardinería, horta ecolóxica, patinaxe, bolos, iniciación ao surf e bodi-board, travesías en kaiak, bádminton, bailes de salón, bailes latinos e repostería creativa. O programa de Ocioleiros terá unha duración de 16 sesións e rematará o 31 de maio.



A tradicional festa do entroido repartirá importantes cantidades de diñeiro no seu concurso de disfraces



◆ O entroido é unha das festas máis esperadas do ano. Encerra de seu unha dualidade. Así, nas manifestacións e rituais carnavalescos danse a man a orde e o caos, o bonito e o feo, o cultural e o natural ou animal, o grotesco, o satírico e o moralizante. Para estas sinaladas datas o Concello prepara a súa tradicional festa de Entroido que se celebrará no pavillón de Santa Cruz e que repartirá unha importante cantidade de diñeiro en premios no seu concurso de disfraces. Esta festa, aberta a todo o mundo, ten un trato moi especial coas persoas maiores, e en gran medida está orientada para o seu gozo, xa que orixinariamente creouse con este fin. Como é habitual haberá unha actuación sorpresa.

De forma paralela a este evento, o Concello axudará a dinamizar as festas de entroido que se levarán a cabo nas distintas casas do pobo e centros cívicos e que organizan as entidades socioculturais de cada parroquia. Esta é tamén unha maneira de fortalecer a súa identidade colectiva. Diferentes grupos de animación encargaranse de amenizar as festas realizando xogos, desfiles, bailes e karaokes, tanto para os máis pequenos como para os maiores intentando crear un ambiente lúdico e festivo.

Comezan os obradoiros municipais de teatro para nenos, mozos e adultos ▼

◆ No mes de febreiro o Departamento de Cultura poñerá en marcha obradoiros teatrais para público infantil, xuvenil e adultos. As clases terán lugar no teatro As Torres de Santa Cruz. Os obradoiros xuvenís e de adultos están dirixidos á xente inqueda por aprender as normas básicas do xogo teatral escénico. Trátase dunha aproximación básica ao traballo físico do actor, integrando a preparación do corpo para a actuación, as dinámicas no espazo escénico, a comunicación simple e clara a través do xesto, a exploración da voz e o texto nas accións físicas, e o desenvolvemento dun vocabulario xestual básico que cree imaxes e emocións en escena.



En marcha a actividade A extracción da poesía



◆ O Concello pon en marcha, a través da Rede municipal de Bibliotecas un novo obradoiro de poesía xa escrita. A través de técnicas de collage, poesía visual, ilusións óptico-poéticas, puzzlepoesía, autoría colectiva e, a partir do xa escrito, os participantes poderán descubrir a poesía e extraer novos poemas e lecturas mesturando a palabra coa imaxe, traballando os conceptos de fondo e forma, coa escritora Enma Pedreira.

A poeta Yolanda Castaño dirixe o obradoiro xuvenil de poesía

◆ A poeta Yolanda Castaño será a encargada de dirixir o obradoiro xuvenil de poesía. Neste taller traballarase tanto con prácticas de estimulación creativa como reforzando estas a partir de textos que conecten co mundo xuvenil. O amor, o erotismo, a dor, a carraxe ou a liberdade son eixos temáticos que proporcionan, á vez, campos para a experimentación poética.

Comeza en febreiro a programación teatral e musical ▼



■ No mes de febreiro o Departamento de Cultura iniciará a programación teatral e musical correspondente ao primeiro semestre do ano coa intención de seguir mantendo unha programación estable e de calidade. Os espectáculos teatrais e os concertos programados terán lugar no auditorio Gabriel García Márquez, de Mera e no auditorio do centro cultural A Fábrica, de Perillo.

Auditorio Centro Cultural A Fábrica, de Perillo ▼

● 8 de febreiro ás 20:30 h

Concerto de Marian Ledesma e os Tinaquero Brothers, *As divas do jazz*
Nesta ocasión o Concello presenta un espectáculo moi atractivo que fusiona dous tipos de música negra, o jazz e o soul. Marian Ledesma e os Tinaquero Brothers son unha banda que non deixarán indiferentes os espectadores.

● 15 de febreiro ás 20.30 h

Concerto de Silvia Penide, Silvia Penide y los animales
A guitarrista Silvia Penide presentará temas do seu último disco *Animal de compañía*.

● 22 de febreiro ás 20.30 h

Concerto de César de Ceti, *La Luz de los gigantes*
O Concello programa esta actuación do cantautor César de Ceti, que a través da guitarra e das súas letras intimistas transmite un mundo de emocións e sentimento actuais.



Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera ▼

● 15 de marzo ás 20.30 h

O grupo Teatro do Atlántico chega a aclamada obra *A charca inútil*



● 22 de marzo ás 20.30 h

Abrapalabra Creacións Escénicas presenta o espectáculo *As do peixe*



● 29 de marzo ás 20.30 h

O home almofada de Ilmaquinario Teatro pecha a programación do mes



● 5 de abril ás 20.30 h

A compañía Catro Cadeiras presenta a obra *O feo*

● 12 de abril ás 20.30 h

Luis Boyano deleitará co seu espectáculo de maxia *Asombrosamente increíble*



Oleiros organiza un concerto coa figura de Celso Emilio Ferreiro como protagonista

◆ O Servizo de Normalización Lingüística organiza para o 14 de febreiro de 2014 o concerto O meu primeiro Celso Emilio na Fábrica, pola mañá haberá unha sesión para o alumnado de bacharelato dos tres centros de ensino e pola tarde, ás 21.00 horas, para o público en xeral. Este recital homenaxea a Celso Emilio Ferreiro a través da voz de María Manuela, Mini, Mero e Xiana Lastra.

Este concerto, que dá vida ao libro que editaron Xosé e Xiana Lastra, dá unha visión da obra de Celso Emilio adaptándoo a todas as idades e en especial á mocidade. Con esta actividade o Concello quere dar a coñecer a vida e a obra do autor, promover a lingua e reflexionar sobre a situación lingüística a través da obra de Celso Emilio. O meu primeiro Celso Emilio chega unha semana antes do Día da Lingua Materna para que o alumnado traballe sobre esta data nas clases.



Ademais... ► Continúa o programa de exposicións na Casa Charry e a entrada da Fábrica

A Casa Charry e a entrada do centro cultural A Fábrica seguirán sendo os espazos que o Departamento de Cultura utilice para que persoas ou colectivos mostren as súas obras pictóricas, escultóricas, fotográficas ou doutros estilos artísticos durante aproximadamente dúas semanas. O obxectivo principal destes dous espazos é albergar exposicións temporais como ferramenta de promoción da creación artística e difusión das artes plásticas no noso municipio. Aqueles veciños e veciñas con inquedañas artísticas interesados en expoñer a súa obra poden contactar co Departamento de Cultura.

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

De maneiras, leóns, rochas e veludos

Fálase de formas, de "modos", do politicamente correcto, esa condena á que parecen acollerse con sumo gusto a maioría dos políticos, que non todos, deste país de aeródromos de papel, cidades da descultura e trens que descarrilan porque un home non pode ter un despiste pero a cen si se lles admite recortar en seguridade.

Fálase do "correcto", da "educación". Fálase e, precisamente, fálano os que non respectan os dereitos dos demais desde o seu escano, os que aproveitan a confianza dos cidadáns para converter un estado nun cortijo, unha autonomía nunha granxa, unha provincia nun furancho e un concello nun cortello. Coméntano eses que ás escondidas traman e conxuran para repartir a mesnada. Eses son os que, aínda por riba, erguen a voz para denunciar aldraxes e asaltos á democracia.

Pero saben que é o peor? Que hai persoas que se deixan enganar polos engominados fillos da garabata e o papel, polos que cun discurso escrito por outros semellan Cicerones e cando os quitan do guión establecido se quedan mudos, impávidos diante de quen lles di as verdades ante as que só saben calar. Déixanse enganar por estes personaxes que co apoio de certos medios, ignorando as súas trampas, son capaces de deixar a miles de veciños sen os cartos que lles corresponden.

Inmersos nesta silenciosa ditadura, onde non valen as solicitudes por rexistro nin as estipuladas boas formas, onde ninguén quere escoitar, só queda a petición da palabra nos actos democráticos por excelencia, nos plenos onde o pobo fala a través dos seus representantes. O problema radica cando se amordaza a parte deses voceiros.

Creo que chegado a este punto xa sabemos de que estamos a falar: do escándalo do reparto de fondos por parte da Deputación da Coruña.

Criticouse a un alcalde por loitar, da única forma posible porque xa esgotara todas as vías posibles a través

da "burrocracia", como di Ángel García Seoane, polos dereitos das súas veciñas e veciños. Díxose que era pouco máis que un asalto á democracia cando os únicos bandidos son eles, os que ían a repartir caciquilmente só para uns poucos cartos que lles corresponden a todos.

Gelo solicitou educadamente a palabra desde a grada do auditorio onde se celebraba o pleno da Deputación, pediu 5 minutos pero, sabedores de que ía a destapar a súa perfecta carambola a tres bandas, quixeron calalo.

Pero, hoxe igual que onte, non puideron contigo, alcalde. Tiveches que volver a erguer a voz e denunciar o vergoñento, o inaceptable do único xeito que te permitiron: PROTESTANDO. E, entón si, saíches en todos os medios, dunha forma ou outra, chamándote heroe ou vilán, pero, outra vez máis, non foron quen de tapar o problema real, non chegaron a enganar á maioría das persoas que foron máis alá do titular e viron o grave da situación.

Grazas, Gelo. Grazas, alcalde, por defender os nosos intereses, por demostrar que loitando se poden acadar os fins xustos para todos, que a política non ten todo o creto perdido, que hai formas que se poden axustar ata os límites que o respecto á integridade das persoas, non ás súas opinións, permiten.

A loita volve a estar máis lexitimada que nunca, a loita da voz en grito, da denuncia clamorosa porque a rocha sobre a que os leóns gardaban dereitos e obrigas é agora o veludo que protexe tacóns de marca e tablets de mazá que gravitan por riba do ben e do mal.

É a hora. Somos máis os que apoiamos a túa sonora melodía en tambores de guerra que os que teñen medo da treboada e, por iso, asustados, din que non son formas. É a forma, a forma coa que os xeonllos xamais tocarán o chan.

D.R.F.

Non é Concello para Ricos

Oleiros está en boca de todos, mellor

dito, nas impresas e nos obxectivos de todos, pero non polo de sempre, non por excesos urbanísticos, non por malversacións nin inversións faraónicas en proxectos inservibles, non.

Baixo títulos evidentes como: "El pueblo con más ricos y alcalde del Che", ou máis sensacionalistas ao tipo: "El alcalde más rojo seduce a los ricos" ou máis literarios: "La chica del pelo rojo", Oleiros se atopa á cabeza dos Concellos onde a vida é máis doada, onde os servizos son para todas e todos, onde por cada habitante hai unha árbore, onde a cultura non é elitista, onde o deporte é un xeito de vida e non un reduto de clasismo, onde o ensino público convence a quen podería uniformes e choferes, onde, en fin, hai a igualdade dun concello que non é para ricos, como tanto queren vender, senón para todos e para todas.

Unha familia de Oleiros, J.P.S. (Nós)

Luchar sí vale la pena

La Vía Ártabra o como más de diez años después los proyectos pueden llevarse a cabo.

Tras luchar denodadamente porque Oleiros tuviese una carretera que descongestionase sus viales, tras solicitar, incansablemente, la ejecución de obras que evitasen los atascos que el crecimiento demográfico del ayuntamiento iba a provocar, se logra, por fin, que desde la Xunta se apoye la Vía Ártabra.

Me agota escuchar que se constrúa sin tener en cuenta el aumento de vehículos cuando desde un inicio esto se tuvo muy en cuenta. Otra cosa es que desde Madrid, N-VI, desde San Caetano, Vía Ártabra, o desde ese reino de taifas que es la Diputación, se quisiese hacer caso.

Pero el que la sigue la consigue y así hoy podemos disfrutar de una N-VI cada día más eficiente y de una Vía Ártabra que, una vez unida al cauce principal de la AP-9 o A-6 será un afluente que hará de Oleiros, por fin, un delta sin presas ni charcos.

R.G.C. (Oleiros)

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



35.174 habitantes empadroados/as!

Ata o 17 de decembro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.394
DORNEDA (San Martiño)	3.426
IÑÁS (San Xurxo)	1.227
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.160
MAIANCA (San Cosme)	1.321
NÓS (San Pedro)	4.808
OLEIROS (Santa María)	2.986
PERILLO (Santa Leocadia)	8.276
SERANTES (San Xulián)	1.576
TOTAL	35.174

FARMACIAS DE GARDA

Datas


<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 	Do 1 ao 2 de xaneiro Do 14 ao 20 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 	Do 3 ao 9 de xaneiro Do 21 ao 27 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 	Do 10 ao 16 de xaneiro Do 28 de marzo ao 4 de abril
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 	Do 17 ao 23 de xaneiro Do 5 ao 11 de abril
<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 	Do 24 ao 30 de xaneiro Do 12 ao 18 de abril
<ul style="list-style-type: none"> Mª DOLORES PEÑALVER BARRAL Avda. das Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) 	Do 31 de xaneiro ao 6 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 	Do 7 ao 13 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 	Do 14 ao 20 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) 	Do 21 ao 27 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 	Do 28 de febreiro ao 6 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 	Do 7 ao 13 de marzo

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	16 xaneiro / 15 febreiro / 16 marzo
Mingua	24 xaneiro / 22 febreiro / 24 marzo
Nova	30 xaneiro / 1 marzo / 30 marzo
Medra	8 xaneiro / 6 febreiro / 8 marzo

O Concello tramita unha nova urbanización no centro de Mera



◆ O Concello de Oleiros está a tramitar o desenvolvemento do solo comprendido entre a rúa Pinar do Río e a rúa As Escolas, no centro da localidade de Mera, esta actuación urbanística pretende garantir un desenvolvemento sostible, mellorando as vías desa zona interior da localidade, creando novos accesos, equipamentos e zonas verdes que discorrerán á beira do regato que desemboca na praia de Mera.

As construcións que se realizarán son de baixo e unha planta e de baixo e dúas plantas en vivenda colectiva. A zona a urbanizar

ocupa unha extensión total de 31.760 metros cadrados, a zona destinada a vivenda é de 16.245 metros cadrados e as zonas verdes e de equipamentos suman 6.969 metros cadrados. Ademais, outros 7.999 metros cadrados están destinados a vías mentres que 546 albergarán parcelas de servizos urbanos.

O número total de vivendas planificadas é de 127 vivendas, estas construcións serán exentas e de baixo e dúas plantas. Esta nova urbanización e as súas rúas consolidarán a malla urbana da localidade.